



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA SECTOR NAIS/PAIS

De conformidade co establecido na **RESOLUCIÓN** do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS** segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais dun total de 5** que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022 e o quinto representante será designado pola ANPA.

2.- Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 4 de novembro está exposto no interior do colexio. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro, na secretaría do centro.

**3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 de novembro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **12 de novembro, ás 09:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 19 de novembro, de 9.00 a 10.00, de 13:00 a 14:00 e de 16.00 a 17.00.hs**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:45 horas.

6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

7.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumnos.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vigo, 4 de novembro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Angélica González Pousada

